

CCR/Ra/Ms

Data Rexistro: 14/03/2024 12:02:29
Nº Rexistro: 2024000129

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 23 de febreiro de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona María Ortega Iñarrea:

19.8150.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E pasamos ó punto número 19, último da orde do día, que son Rogos e Preguntas. E ten a palabra Dona María Ortega.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas. Esta pregunta vai dirixida a vostede Presidente. O Grupo Provincial do BNG queríamos saber se ademais da referencia que vostede mesmo fixo ó inicio desta sesión plenaria sobre Rosalía de Castro, referente cultural fundamental para Galiza como país ...

Sr. Presidente.- Pregunta directa.

Sra. Ortega Iñarrea.- Si, si, ... da súa lingua, construtora da identidade, figura importante dentro do feminismo e comprometida ...

Sr. Presidente.- Pregunta por favor.

Sra. Ortega Iñarrea.- ... coas forzas sociais da nosa terra, e cuxo nacemento se celebrou, como vostede dixo ...

Sr. Presidente.- A ver, as preguntas, eu creo que xa o falamos máis veces, e apelando a antes do ano 23, é pregunta, sen introdución, ¿vale?, pídlle por favor que volva a, ten a palabra.

Sra. Ortega Iñarrea.- ¿Ten a Deputación de Pontevedra programado algún acto institucional na súa honra ou algunha programación específica para poñer en valor a súa figura?

Sr. Presidente.- Grazas. ¿Máis preguntas? ¿Non? Vale, pois non habendo máis asuntos agradecer a vosa presenza e quedamos emprazados para o seguinte Pleno. Moitas grazas e bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. María Ortega Iñarrea.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).-
Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial do BNG, Dna. María Ortega Iñarrea, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 23 de febreiro de 2024:

PREGUNTA:

¿Ten a Deputación de Pontevedra programado algún acto institucional na súa honra ou algunha programación específica para poñer en valor a súa figura?

RESPOSTA:

Adicionalmente ao recoñecemento na sesión plenaria ordinaria do día 23/02/2024, en nome de toda a Corporación, e de actividades previas como a reunión mantida co presidente da Fundación Rosalía de Castro en data 4/12/2023; o legado vital e intelectual de Rosalía de Castro está presente, explícita ou implicitamente, en todas as políticas de normalización lingüística emprendidas pola Deputación de Pontevedra, e así continuará no futuro.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 02/04/2024 11:33

